

AVANZO DOS RESULTADOS DO ESTUDO SOBRE O IMPACTO LABORAL DA ACTUAL CRISE POR COVID-19 NAS PERSOAS TITULADAS DA UVIGO

O Observatorio de Persoas Tituladas, coa colaboración do Consello Social da UVigo, presenta o Avanzo dos Resultados do *Estudo sobre o impacto laboral da actual crise por Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo* cos datos globais más significativos da enquisa aplicada aos antigos estudantes durante a primeira vaga da pandemia (entre os meses de maio e xullo).

Para a realización do estudo, aplicáronse enquisas *online*, cuxo formulario foi aloxado na Web do Observatorio. O cuestionario foi enviado ás persoas tituladas rexistradas na Base de Datos do Observatorio. O traballo de campo desenvolveuse entre os días 25 de maio e 8 de xullo de 2020, obténdose unha mostra de 3217 persoas tituladas.

Para **Ernesto Pedrosa**, Presidente do Consello Social, estos estudos son crónicas impagables que conforman unha visión humana privilexiada do que está a acontecer ó redor da pandemia, e que reflicte unha máis das inmensas e impensables posibilidades da rede de alumnos que están a tecer Luis Espada e Víctor M. Martínez. O presidente do Consello Social da UVigo, que promove o Observatorio, salienta que a base de datos construída durante os oito últimos anos é froito dun traballo titánico e pioneiro no sistema universitario español, que acada agora a súa maior utilidade con este traballo, porque lle permite á UVigo crear un mapa físico visible da súa presencia no mundo e avistar o seu verdadeiro valor.

Luis Espada, Director do Observatorio, quere agradecer aos 3217 antigos estudantes de todas as promocións e titulacións da UVigo que respondieron a enquisa, independentemente do lugar en que se encuentren vivendo ou traballando. Neste Adianto de Resultados o impacto da actual crise por Covid-19 é avaliado desde tres perspectivas: laboral (incidencia na taxa de ocupación), sanitaria (% de contaxios no ámbito laboral) e no modo de traballo (medidas organizativas tomadas polas empresas/organizacións para afrontar a crise derivada).

A seguir son presentados os principais resultados sobre da enquisa aplicada:

1. Lugar de traballo

A maioría (75%) traballa en Galicia, seguido por outra Comunidade Autónoma (14,3%) e no resto do mundo¹ (10,7%).

Área	Provincia/Comunidade Autónoma/País
Galicia	Pontevedra (64,1%), A Coruña (16,7%), Ourense (16%) e Lugo (3,1%)
Outras Comunidades Autónomas	Comunidade de Madrid (46,2%) e Cataluña (20,5%), seguidas por Castela e León (5,2%), Andalucía (4,8%) e País Basco (4,3%).
Resto do mundo	Reino Unido (17,2%), Alemaña (14%) e Portugal (11,8%), seguidos por Estados Unidos da América (6,7%), Francia e Suíza (5,1% ambos).

2. Impacto da actual crise por Covid-19

A avaliación do impacto da actual crise por Covid-19 requiriunha abordaxe desde tres perspectivas: laboral, sanitaria e no modo de traballo.

- Impacto laboral: Está relacionada coa súa incidencia nas taxas de ocupación e desemprego das persoas tituladas.
- Impacto sanitario: Porcentaxe de persoas inquiridas que referiron a existencia dalgún caso de contaxio por Covid-19 na empresa ou no seu entorno laboral.
- Modo de traballo: Incidencia das medidas organizativas que tiveron que tomar as organizacións para continuar a súa actividade.

¹ En 46 países dos cinco continentes.

2.1 Impacto laboral

Para avaliar este parámetro inquiriuuse pola situación socio-laboral das persoas tituladas no momento previo á actual crise por Covid-19 (marzo de 2020) e no momento actual, isto é, cando as persoas tituladas responderon o cuestionario (xuño de 2020).

No momento de responder a enquisa a inmensa maioría (85,9%) segue no mesmo emprego/actividade que tiña antes do inicio da actual crise por Covid-19. Un 5,0% perdeu o traballo que tiña durante esta crise, o 4,3% xa estaba desempregado antes desta crise, un 3% segue na mesma situación anterior (estudante, xubilado/pensionista, prepara oposicións,...), un 1,2% mudou de emprego e o 0,6% encontrou emprego no período avaliado².

Impacto laboral	Antes	Agora
Taxa de ocupación	92,2	87,7
– Galicia	91,7	86,7
– Outra Comunidade Autónoma	93,7	90,6
– Resto do mundo	93,8	91,4
Taxa de desemprego	4,7	9,3
– Galicia	5,0	10,0
– Outra Comunidade Autónoma	4,3	7,7
– Resto do mundo	3,3	5,6

En consecuencia dos efectos económicos da crise orixinada pola Covid-19, a ocupación experimentou unha diminución do 4,88%, pasando dunha taxa de actividade do 92,2% no momento anterior á crise (marzo de 2020) a un 87,7% no momento de responder a enquisa (xuño de 2020).

A crise xerada pola Covid-19 provocou un aumento da taxa de desemprego do 97,87%, pasando dun 4,7% en marzo de 2020 a un 9,3% en xuño de 2020.

As principais causas referidas polos que perderon o seu emprego foron a finalización de contrato (46,2%), seguida pola suspensión da actividade profesional (33,%) e os despedimentos (8,8%). A metade (51,6%) espera recuperar o emprego perdido durante esta fase da crise.

2.2 Impacto sanitario no ámbito laboral

Impacto sanitario: 34,3%

Lugar de traballo	Impacto sanitario	Provincia/Comunidade Autónoma/País
Galicia	28,4	Ourense (33,4%), A Coruña (28,1%), Pontevedra (28%) e Lugo (13,4%)
Outras Comunidades Autónomas	58,0	Comunidade de Madrid (72,6%), Castela-A Mancha (71,4%), Castela e León (65%) e Comunidade Valenciana (57,1%)
Resto do mundo ³	44,8	Bélgica (85,7%), Perú e Polonia (75% ambos), Suíza (73,3%), Italia (66,7%), EEUU (61,9%) e Reino Unido (51,9%)

A maior incidencia deuse no ámbito público (43,7%) que nas entidades non lucrativas (32,1%) ou na empresa privada (30,1%).

² Entre marzo e maio de 2020.

³ Referiron contaxios a totalidade das persoas que traballan en Andorra, Cabo Verde, Chequia, Finlandia, Lituania, Luxemburgo, Tailandia e Turquía.

Os sectores económicos máis afectados foron o sanitario (70,8%), banca e seguros (57,1%), aeroespacial (53,8%), telecomunicacións (47,2%), administración pública (45,8%), defensa e seguridade (43,4%), industria química, plástico, vidro e envases (43,3%), venda maiorista (42,9%) e madeira (40%).

2.3 Impacto no modo de traballo

Entre os inquiridos que traballan, o grupo maioritario (54,0%) está formado polos que o fan desde casa (teletraballo), seguido, co 34,1%, polos que traballan no seu lugar habitual (con “normalidade” ou con “horarios especiais”). Un 5,7% está en ERTE e o 3,8% permaneceu en casa sen desempeñar unha actividade laboral por estaren de baixa (1,6%), porque suspenderon a súa actividade económica (1,3%) ou por estaren en casa sen teletraballar (0,7%) ou de vacacións (0,2%).

A combinación de traballo remoto e outra modalidade (traballo presencial e ERTE parcial) incumbe o 2,6% das persoas tituladas.

2.3.1 Teletraballo

Antes da emerxencia desta crise, a maioría de persoas tituladas (60,8%) carecía de experiencia previa na realización do teletraballo ou traballo remoto.

2.3.2 Medidas tomadas polas empresas para combater a Covid-19

Directivos e mandos intermedios que participaron na enquisa foron inquiridos sobre as medidas que tiveron que tomar para encarar a Covid-19 nas súas organizacións.

Entre as medidas adoptadas destacan aplicar o teletraballo/traballo remoto (82,6%), seguida pola restrición de viaxes e reunións presenciais (56,7%), intensificar a seguridade e hixiene (55,7%), flexibilidade de horarios e quendas do persoal (50,4%) e medidas formativas e informativas (48,2%).

A máis distancia, a aplicación de confinamentos preventivos a empregados afectados (28%) e aplicar ERTEs (27,6%).

En menor proporción, destacan a procura de provedores alternativos (6,9%), reforzo/contratación de persoal (5,8%), procurar clientes alternativos (5,6%), desvío da producción a outro lugar (1,5%) e suspensión da actividade (1,1%).